

ENSINO ■ Para o colectivo de escritores do país, a consulta da Xunta é "carente de rigor" e "non ofrece garantías sobre a intimidade das persoas"

Os autores galegos consideran que a enquisa é "involucionista"

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) sinalou onte que a enquisa que Educación lles fará ós pais de alumnos sobre o uso das lingüas no ensino, deseñada "a marche da comunidade educativa" e "carente de rigor" na metodoloxía de distribución e no procedemento, non ofrece garantías sobre a intimidade das persoas.

Así o indica o colectivo nun comunicado no que cualifica como "involucionistas" as medidas do Goberno galego sobre a lingua galega e reclama que se asegure a competencia dos nenos nese idioma desde a escola.

Por iso, a asociación fixo unha serie de precisións entre as que destaca que o Plan xeral de normalización lingüística, aprobado por unanimidade parlamentaria, constitúe "un punto de encontro" na definición dos obxectivos para o ámbito educativo, mentres que o Decreto de galego en vigor recolle o devandito acordo da Cámara dándolle carácter normativo, cunha legalidade que foi avalada por varias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sinala ademais que o obxectivo do decreto é garantir unha competencia similar en galego e

castelán e que ao final do ensino obligatorio, o alumnado debe ser plenamente competente nas súas dúas lingüas oficiais, algo que advirte que non se pode conseguir con menos do 50% de materias impartidas en galego. Con todo, advirte de que a enquisa enviada ós centros, o manteñemento dessa porcentaxe só se garantiría marcando a resposta "en galego" ou "todo en galego", posto que esta opción non fai referencia á totalidade do ensino, senón só ás materias que habería que impartir hoxe en galego –o 50%-, mentres que a consulta



Cesáreo Sánchez preside a AELG

non recolle a opción de que todas as materias salvo as lingüas poidan ser impartidas en galego.

Por iso, a AELG propón marcar a opción "galego" en infantil e formación profesional e "todo en galego" en primaria e secundaria, ó entender que dessa forma se estaría indicando que se queren en galego as materias que hoxe se deben impartir nesa lingua. Matiza que iso non significará que se opte por todo o ensino en galego, xa que é unha opción que non se considera. Así mesmo, a AELG considera preciso que os pais de alumnos transmitan a necesidade de incluir no aparato de observacións da enquisa peticións como 'desexaría que o ensino fose en galego, unha opción que non recolle esta enquisa' e deixando constancia de que se está a favor do actual decreto de promoción do uso do galego no ensino, sinalando que 'os resultados desta consulta non parezan lexitímos'. ● REDACCIÓN